



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Deseño, redacción e xestión de proxectos en Química		Código	610G01036
Titulación	Grao en Química			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Química			
Coordinación	Ligero Martínez - Risco, Pablo	Correo electrónico	pablo.ligero@udc.es	
Profesorado	Ligero Martínez - Risco, Pablo Robles Iglesias, Raúl	Correo electrónico	pablo.ligero@udc.es raul.robles@udc.es	
Web	campusvirtual.udc.es/moodle			
Descrición xeral	A materia se inscribe dentro do segundo cuatrimestre do ultimo curso do grao de química. O obxectivo da mesma é dobre, por unha banda, pretendese que o alumnado teña coñecemento de tódolos pasos que leva á elaboración dun proxecto e, por outra, procurárase que o alumnado traslade eses coñecementos ó eido da química mediante a planificación e desenvolvemento dun proxecto de química dende un punto de vista técnico-económico-social.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Utilizar a terminoloxía química, nomenclatura, convenios e unidades.
A5	Comprender os principios da termodinámica e as súas aplicacións en Química.
A11	Coñecer e deseñar operacións unitarias de Enxeñaría Química.
A15	Recoñecer e analizar novos problemas e planear estratexias para solucionarlos.
A22	Planificar, deseñar e desenvolver proxectos e experimentos.
A28	Adquirir, avaliar e utilizar os principios básicos da actividade industrial, xestión e organización do traballo.
B2	Resolver problemas de forma efectiva.
B4	Traballar de forma autónoma con iniciativa.
B5	Traballar de forma colaborativa.
B7	Comunicarse de maneira efectiva nun entorno de traballo.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título
Capacidade de indagar e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ó ben común.	A22	B5	C4
Elaborar e escribir memorias e informes de carácter científico e técnico	A1 A28		
Capacidade de traballo en equipo.	A22	B2 B5 B7	



Capacidade de deseñar e planificar un proxecto	A5 A15 A22 A28	B2 B4 B5 B7	C1 C3
Ter coñecementos dos procesos químicos industriais	A1 A11 A28		
Capacidade de expór e defender de xeito efectivo un proxecto químico	A1	B7	C1 C3 C4

Contidos	
Temas	Subtemas
1. CONCEPTOS BÁSICOS SOBRE PROXECTOS	Definición e clasificación de proxecto-Características do proxecto e etapas-Ciclo de vida dun proxecto-A dirección do proxecto-Characterísticas principais da dirección de proxectos.
2. ENXEÑERÍA DO PROXECTO	Enxeñería básica do proxecto-Diagrama e descrición do proxecto-Esquema dunha pranta química.
3. BALANCE DE ENERXÍA: PLANTEXAMENTO E APLICACIÓN.	Plantexamento formal do balance. Ecuación de conservación-Ecuación balance. Formas simplificadas-Balances intercambio calor: Intercambiadores de calor e evaporadores. -Balance enerxía mecánica-Cálculo de potencia de bombas.
4. OPERACIÓNS DE SEPARACIÓN E PURIFICACIÓN	Introdución á transferencia de materia: Parámetros de deseño de destiladores.Secado
5. ESTUDOS PREVIOS ECONÓMICOS: MERCADO, LOCALIZACIÓN E TAMAÑO DA PRANTA INDUSTRIAL.	Estudio de mercado-Demanda e oferta-Mecanismo de mercado- Tamaño da pranta: Economía de escala e métodos de estimación do tamaño da pranta.
6. ESTUDOS PREVIOS ECONÓMICOS: PRODUCCIÓN E CUSTES.	Definición de produción e custes-Tipos de custes-Estimación de custes de produción.
7. ESTUDOS PREVIOS ECONÓMICOS: ESTIMACIÓN DA INVERSIÓN.	Tipos de capital-Estimación dos tipos de capital inmovilizado-Estimación dos tipos de capital circulante.
8. ESTUDOS PREVIOS ECONÓMICOS: AVALIACIÓN ECONÓMICA DO PROXECTO	Descrición da avaliación económica do proxecto-Métodos estáticos de avaliación económica do proxecto-Métodos dinámicos de avaliación económica do proxecto
9. PLANIFICACIÓN E PROGRAMACIÓN	O tempo no proxecto-Planificación e programación-Fases de programación-Programación-Gráficos Gantt-PERT/CPM.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A5 A28	26	52	78
Seminario	A11 A15 B2 B4 B7	9	18	27
Presentación oral	A1 B7 C1 C3 C4	1	2	3
Traballos tutelados	A22 A28 B4 B5 C1 C3 C4	10	30	40
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Sesión maxistral	As sesións maxistrais impartiranse ó grupo completo. Consistirán en leccións expositivas nas que se exporá de forma ordenada o temario da materia. Ó comezo de cada tema exporase claramente o contido e obxectivos principais de dito tema. Asemesmo, ó final do tema farase un breve resumo dos contidos máis salientables. Para facilita-la labor de seguimento por parte do alumno das clases presenciais proporcionaráselle unha lista de material publicado sobre o tema a tratar.
Seminario	Esta clase de metodoloxía ten por obxectivo profundizar nalgúns aspectos concretos da materia tratados cun carácter máis xeral nas clases de teoría. Para isto, traballarase na resolución de casos prácticos relacionados co desenvolvemento de proxectos e unidades de proceso.
Presentación oral	A meta da presentación oral é a exposición e defensa do traballo tutelado de xeito grupal. É medio para comprobar a competencia en expresión oral científico-técnica do alumno, así como, da súa capacidade de síntese e defensa do proxecto realizado. Estas sesións complementan a memoria escrita presentada.
Traballos tutelados	Os traballos tutelados teñen por obxectivo a realización, por parte dos alumnos, dun pequeno estudo/ proxecto en grupos reducidos. A misión destas sesións será orientar e dar pautas para que o alumnado poida realizar dito estudo, que deben presentar por escrito y defender tras exposición. Este proxecto será avaliado como unha actividade de traballo autónomo ou non presencial.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Seminario	<p>Nos seminarios, a atención personalizada farase mediante titorías presenciais. Os alumnos con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, poderán realiza-los traballos tutelados en titorías personalizadas e/ou grupais en horario a convir cos profesores. As actividades a realizar nestas titorías serán similares ás dos alumnos en réxime ordinario e computarán para a avaliación final cun 20% da cualificación global.</p> <p>A nivel individual o alumno poderá expor as súas dúbidas referentes ás cuestións de carácter práctico plantexadas na clase.</p> <p>Nos traballos tutelados, a atención personalizada buscará resolve-las dificultades que se lle plantexen ó alumnado na formulación do proxecto, na elección das ferramentas e na análise da información e dos resultados acadados, así como a revisión dos sucesivos borradores do informe do traballo. Ademais do traballo de seguimento realizado nas sesións de titoría grupal.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Presentación oral	A1 B7 C1 C3 C4	Na sesión de exposición oral avaliarase as competencias dos alumnos na expresión oral, na capacidade de sintese. Así mesmo, avaliarase a capacidade de discusión e defensa do traballo tutelado presentado por escrito.	10
Traballos tutelados	A22 A28 B4 B5 C1 C3 C4	Durante o curso ó alumnado elaborará e presentará por escrito, un pequeno estudo/proxecto en equipos reducidos. Avaliaranse a claridade de contidos, a capacidade de discusión de resultados e a redacción da memoria. Avaliarase así mesmo todo o proceso de elaboración do traballo, con especial atención á capacidade de traballo en grupo e de iniciativa individual. A elaboración deste proxecto é de carácter obrigatorio, non sendo posible supera-la materia sen a realización e presentación do mesmo dentro dos prazos fixados no seu momento.	70



Seminario	A11 A15 B2 B4 B7	Durante os seminarios profundizarase nos aspectos teóricos mediante a resolución de exercicios que serán entregados previamente ó alumno. Á finalización dos mesmos realizarase unha proba, na que os alumnos terán que resolver e entregar problemas que se lles presentarán ó inicio da sesión de seminario.	20
-----------	------------------	--	----

Observacións avaliación

Para supera-la materia será preciso ter elaborado, entregado e aprobado cunha cualificación mínima de 5 o traballo tutelado, no prazo establecido polo profesor. As cualificacións obtidas nas sesións de seminario sumaranse á esta cualificación.

Para obte-la cualificación de non presentado, os alumnos non poderán ter participado en ningunha das actividades avaliadas programadas.

No caso de comprobarse fraude por plaxio no traballo tutelado, se entenderá como responsables do mesmo a tódolos autores do traballo otorgándose a todos a cualificación de cero (0), polo que a materia se considerará como non superada no curso, tanto se se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

Na segunda oportunidade, os alumnos que non superan a cualificación mínima de 5 no traballo tutelado poderán enmenda-lo para chegar a dita cualificación. A nota final será a suma da obtida no traballo tutelado nesta segunda oportunidade e as cualificacións obtidas nos seminarios durante o curso.

Nesta segunda oportunidade os alumnos só poderán optar a matrícula de honra se o número máximo destas para o correspondente curso non se tiveran cuberto na súa totalidade na primeira oportunidade.

No caso de alumnos con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, programarase unha data alternativa para a realización dos seminarios, sendo obrigatorio a participación nos traballos tutelados.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Izquierdo, J.F.;; Costa, J.; Martínez de la Ossa, E.; Rodríguez, J. y Izquierdo, M. (2015). Introducción a la Ingeniería Química. Problemas resueltos de balances de materia y energía. Editorial Reverté- Costa Novella, E. (1988). Ingeniería Química- Flujo de fluidos. Editorial Alhambra- Levenspiel, O. (1993). Flujo de fluidos e intercambio de calor . Editorial Reverté- Sapag Chain, N. y Sapag Chain, R. (2000). Preparación y Evaluación de Proyectos. Editorial McGraw-Hill- Cos Castillo, M. de (1997). Teoría General del Proyecto. Volumen I: Dirección de Proyectos. Editorial Síntesis- Cepeda, I.; Lacalle, M.; Simón, J.R.; Romero, D. (2004). Economía para ingenieros. Thomson editores- Corchuelo, B., Eguía, B. y Valor, M.T. (2006). Curso práctico de microeconomía. Delta publicaciones- Canon, J.L. , Rebolgar, R. e Saenz, M.J. (2003). Curso de gestión de proyectos. Manual del alumn. Asociación Española de Ingeniería de Proyectos (AEIP)- Cabra Dueñas, L., de Lucas Martínez, A., Ruiz Fernández, F. e Ramos Marcos, M.J. (2010). Metodología del diseño aplicado y gestión de proyectos para ingenieros químicos. Ediciones de la Universidad de Castilla-La Mancha- Mott, R.L. (2015). Mecánica de Fluidos. Pearson Educación- Felder, , R. and Rousseau, R. (2005). Principios elementales de los procesos químicos. Limusa Wiley- Bellod, F. (2008). Ejercicios resueltos de microeconomía. ECU
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- Sinnott, R. & Towler, G. (2012). Diseño en Ingeniería Química. Editorial Reverté- Peters, M. S., Timmerhaus, K. D. y West, R. E. (2012). Plant Design and Economics for Chemical Engineers. Editorial McGraw-Hill- Vian, A. (1991). El Pronóstico Económico en Química Industrial. Editorial Eudema- Corchuelo, B., Eguía, B. y Valor, M.T. (2006). Curso práctico de microeconomía. Delta Publicaciones- Barbeito, S. (2003). Apuntes: Iniciación a la economía para ingenieros. Producción y costes. <p>

</p>

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente



Matemáticas 1/610G01001
Matemáticas 2/610G01002
Física 1/610G01003
Física 2/610G01004
Química Xeral 1/610G01007
Química Xeral 2/610G01008
Química Xeral 3/610G01009
Laboratorio de Química 1/610G01010
Laboratorio de Química 2/610G01032
Enxeñaría Química/610G01033

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías